

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS, FACENDA E RECURSOS HUMANOS

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **15 de xullo de 2025**

Ás 16.45 horas do día 15 de xullo de 2025, reúnese a Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Emilio Luís Díaz Vidal

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora accidental: D.^a María Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado don Bernardo Varela López que é substituído por don Xosé Manuel Puga González.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 19 DE XUÑO DE 2025.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de xuño de 2025.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:
Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos do día 19 de xuño de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MODIFICACIÓN DAS TARIFAS RESULTANTES DA LIQUIDACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS E A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO PAZO DOS DEPORTES “PACO PAZ” E NOOUTRAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES OU XESTIONADAS POLA DEPUTACIÓN DE OURENSE (EXPTE. Nº 2025/17335N).-

D.^a Marta Novoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia. Non se producen intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (4), do BNG (2) e de Democracia Ourensana (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Modificar o Acordo da Xunta de Goberno de data 26 de xullo de 2022, publicado no BOP de Ourense nº 175, de data 2 de agosto de 2022, de acordo co previsto nos parágrafos seguintes:

- a) No apartado **PROGRAMA DE FITNESS**, no relativo á modalidade de Fitness mensual de mañá, incrementase o prezo público en dous (2,00 €) euros, quedando establecido do seguinte xeito:

- *Fitness mañá: 18,00 euros/mes (de 07:00 horas a 14.00 horas).*

A diferenza do resto de tarifas das diferentes actividades e servizos prestados nas instalacións do Pazo dos Deportes “Paco Paz”, modificadas por acordo da Xunta de Goberno de data 26 de xullo de 2022, “***o fitness mañá***” tratase dunha tarifa que, dende a súa implantación, para incentivar a actividade de fitness de mañá entre os usuarios e usuarias, mantívose inalterable, incluso durante as circunstancias extraordinarias da COVID-19. Polo exposto, tendo en conta o paso do tempo e o incremento do custo da vida nestes 20 anos, onde a inflación leva multiplicado os prezos de todos os bens e servizos ata un 50 %, sen esquecer que o salario medio tamén aumentou nunha proporción incluso maior, desde este Servizo considerase xustificado e motivado o incremento proposto na devandita tarifa.

b) No apartado **ZONA AUGAS SPA**, modifícase o contido do mesmo, no relativo as condicións de acceso a devandita zona para os usuarios e usuarias con abono anual de mañá e con abono mensual, de conformidade co establecido nos seguintes parágrafos:

- **Usuario con abono anual de fitness: terá dereito ó goce da zona de augas SPA dentro dos horarios e condicións establecidas pola dirección da instalación. Se o abono anual é de mañá o disfrute e goce da zona SPA terá lugar entre as 07:00 e as 14:00 horas.**
- **Usuario con abono mensual de fitness: prezo público de 4,00 euros polo goce da zona de augas SPA dentro dos horarios e condicións establecidas pola dirección da instalación.**

c) No apartado **FISIOTERAPIA**, modifícanse os tempos de tratamento, tendo en conta as indicación dos profesionais da fisioterapia consultados ao respecto, pero non os importes do prezo público, para os usuarios e usuarias do mesmo, quedando establecido de conformidade cos seguintes parágrafos;

- **Usuarios con abono mensual ou anual de fitness:**
 - **Tratamento de corenta minutos: 15,00 euros.**
- **Usuarios con abono dunha xornada de fitness:**
 - **Tratamento de corenta minutos: 20,00 euros. (15,00 euros do tratamento + 5,00 euros do abono diario)**

d) No apartado **BONO FITNESS ANUAL**, como consecuencia do incremento do fitness de mañá en dous euros, terá lugar un aumento proporcional no fitness anual de mañá, de conformidade co reflectido no seguinte parágrafo:

- Fitness mañá (de 07:00 horas a 14:00 horas): 149,00 euros.

e) No apartado **BONO FITNESS ANUAL FAMILIAR**, añádese un novo desconto no bono anual para os membros de familia numerosa:

Membro de familia numerosa. A condición de familia numerosa, acreditarase mediante tarxeta ou documento público emitido por órgano competente: 30 % de desconto sobre a tarifa que lle correspondese.

f) No apartado **BONO FITNESS ANUAL FAMILIAR**, modifícase o seguinte parágrafo do tenor literal que segue: “Esta redución porcentual non se aplicará cando se trate de tarifas xa bonificadas”, quedando redactado do seguinte xeito:

Esta redución porcentual so se aplicará cando se trate do bono individual anual e do bono fitness anual de mañá. En ningún caso, se aplicará sobre aquelas tarifas que xa contén con descontos

por outras circunstancias.

g) No apartado **ESCOLAS DEPORTIVAS**, añádese un novo concepto que da resposta a unha realidade aceptada noutros ámbitos de xestión, como son os integrantes de familia numerosa:

- Membro de familia numerosa. A condición de familia numerosa, acreditarase mediante tarxeta ou documento público emitido por órgano competente): 30 % de desconto sobre a tarifa que lle correspondese.

h) No apartado **“PERDA OU EXTRAVÍO DE BONO ANUAL OU FAMILIAR”**, do seguinte tenor literal: *“No caso dos bonos anuais e familiares a renovación de carné ou abono por perda ou extravío: 1 euro”*, propónse suprimir o devandito apartado posto que todo o sistema de abonos de usuarios e usuarias desta instalación deportiva está informatizado e dixitalizado.

A continuación, detallase o texto íntegro da proposta de acordo tras as modificacións sinaladas:

PAVILLÓN AUXILIAR

1.- Actividades deportivas (por hora ou fracción)

Adestramento; Partido completo sen “recadación”; Partido completo con “recadación”

1.1.- Pista completa: 12,00 euros; 22,00 euros; 35,00 euros

1.2.- Media pista: 8,00 euros; ---; ---

2.- Festivais e actos deportivos organizados por colexios e institucións culturais e recreativas: 200,00 euros por acto e xornada.

3.- Actos, exposicións e actividades alleas ó deporte: 500,00 euros, por acto e xornada.

PAVILLÓN PRINCIPAL

1.- Actividades deportivas (por hora ou fracción)

Adestramento; Partido completo sen “recadación”; Partido completo con “recadación”

1.1.- Pista completa: 22,00 euros; 30,00 euros; 54,00 euros

1.2.- Media pista: 11,00 euros

1.3.-Un tercio de pista: 6,00 euros

1.4.- Outros espazos (tras rede, corredores, salas polivalentes...): 6,00 euros

2.- Espectáculos deportivos: Pista completa: 752,00 euros por xornada.

3.- Festivais e actos deportivos organizados por colexios e institucións culturais, deportivas ou recreativas, sen ánimo de lucro: 400,00 euros por acto e xornada.

4.- Actos, exposicións, festivais e espectáculos artísticos ou culturais e, en xeral, actividades alleas ó deporte, que non teñan carácter profesional: 1.000,00 euros por acto e xornada.

5.- Actos, exposicións, festivais e espectáculos artísticos e actividades alleas ó deporte en xeral,

de carácter profesional: 2.000,00 euros por acto e xornada.

TRABALLOS DESEMPEÑADOS POR EMPREGADOS DA DEPUTACIÓN

De conformidade co previsto no artigo 10 da Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos Deportes “Paco Paz”, no suposto de que os organizadores das actividades sinaladas nos párrafos anteriores, solicitasen que por parte dos empregados da Deputación se levasen a cabo os traballos de grabación ou retransmisión por streaming ou transmisión por secuencias, venta de entradas, vixilancia, fontanería, electricidade, limpeza, montaxe e desmontaxe de escenarios, estruturas deportivas, pantallas, palcos ou calqueira outra instalación ou servizo técnico necesario para o desenvolvemento da actividade e tendo en conta a complexidade e dedicación para a execución dos mesmos, a Deputación de Ourense exisirá o aboamento dunha tarifa de 25 euros por hora ou fracción por cada empregado ou técnico da Deputación Provincial de Ourense que participe na execución dos devanditos traballos.

ESCOLAS DEPORTIVAS. ABOAMENTO POR TEMPORADA

- Escolas de educación física de base e de diferentes disciplinas:

Temporada completa: 90,00 euros que se poderán abonar ben nun pago único, antes do 30 de setembro ou ben fraccionado en dous prazos, o primeiro prazo, antes do 30 de setembro do ano en curso (50 % da inscrición) e o segundo prazo, antes do 30 de xaneiro do ano seguinte a aquel en que se abona o primeiro prazo (50 % restante)

A inscrición é por escola deportiva individual, non sendo acumulable ni transferible con outras escolas.

Os membros de familia numerosa (acreditar a condición mediante tarxeta ou documento público emitido por órgano competente) disporán dun 30 % de desconto sobre a tarifa que lle correspondese.

PROGRAMA DE FITNESS

O programa de fitness, de acordo coas tarifas que se reflectirán neste apartado, inclúe as seguintes actividades:

- a) sala cardiovascular
- b) pesas e
- c) clases colectivas
- Fitness individual: 29,00 euros/mes.
- Discapacitados, desempregados e xubilados, 20,00 euros/mes. (Acreditar a condición mediante certificado, tarxeta ou documento público emitido por órgano competente)
- Carné xove: 23,00 euros/mes.

- **Fitness mañá: 18,00 euros/mes (de 07:00 horas a 14.00 horas).**
- Fitness (unha xornada): 5,00 euros.

ZONA AUGAS SPA

- **Usuario con abono anual de fitness: terá dereito ó goce da zona de augas SPA dentro dos horarios e condicións establecidas pola dirección da instalación. Se o abono anual é de mañá o disfrute e goce da zona SPA terá lugar entre as 07:00 e as 14:00 horas.**
- **Usuario con abono mensual de fitness: prezo público de 4,00 euros polo goce da zona de augas SPA dentro dos horarios e condicións establecidas pola dirección da instalación.**
- Usuario con abono dunha xornada de fitness: prezo público da xornada (5,00 euros) + 4,00 euros polo goce da zona de augas SPA (9,00 euros).

FISIOTERAPIA

- **Usuarios con abono mensual ou anual de fitness:**
 - **Tratamento de corenta minutos: 15,00 euros.**
- **Usuarios con abono dunha xornada de fitness:**
 - **Tratamento de corenta minutos: 20,00 euros. (15,00 euros do tratamento + 5,00 euros do abono diario)**

BONO FITNESS ANUAL

Co fin de facilitar e garanti-la continuidade nos programas de fitness, establécense as seguintes tarifas bonificadas anuais que poderán ser obxecto dun pago único ou ben fraccionado en dous prazos, o primeiro, no momento de darse de alta (50 % do bono) e o segundo, nos tres meses seguintes ao do abono do primeiro prazo (o restante 50 % do bono)

- Individual: 231,00 euros.
- Discapacidade en grado igual ou superior ó 33%: 159,00 euros. (Acreditar a condición mediante certificado, tarxeta ou documento público emitido por órgano competente)
- Xubilado ou pensionista: 159,00 euros. (Acreditar a condición mediante certificado, tarxeta ou documento público emitido por órgano competente)
- Carné xove: 183,00 euros.
- Fitness mañá (de 07:00 horas a 14:00 horas): 149,00 euros.

BONOFITNESS ANUAL FAMILIAR:

Co propósito de facilita-la práctica do fitness ás familias, establécense os seguintes descontos no bono anual, nas condicións que se indican:

- Membro de familia numerosa. A condición de familia numerosa, acreditarase mediante

tarxeta ou documento público emitido por órgano competente): 30 % de desconto sobre a tarifa que lle correspondese.

- No resto de unidades familiares, establécense os seguintes descontos no bono anual:
- Primeiro membro da unidade familiar: aboará a cota íntegra correspondente.
- O segundo, terceiro e restantes membros da unidade familiar: 30% de desconto sobre a tarifa que lle correspondera.

Aplicaráselle sempre a tarifa máis alta ó primeiro membro da unidade familiar. Esta redución porcentual so se aplicará cando se trate do bono individual anual e bono fitness anual de mañá. En ningún caso, se aplicará sobre aquelas tarifas que xa contén con descontos por distintas circunstancias.

Para os efectos de aplicación dos descontos previstos neste apartado, enténdese por unidade familiar:

1.- Os cónxuxes unidos en matrimonio (do mesmo ou distinto sexo) e os seus descendentes que convivan con eles e estean o seu cargo.

a) Neste suposto, para acreditar a unidade familiar, aportarase ben o Libro de Familia completo no que consten os cónxuxes e os seus fillos ou fillas que estean o seu cargo, ben certificación de matrimonio do Rexistro Civil, acompañada, de ser o caso, de certificación do Rexistro Civil de nacemento dos fillos ou fillas que estean o seu cargo.

b) En caso de familias monoparentales a unidade familiar poderase acreditar:

- Mediante certificado expedido pola Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia.
- Mediante Libro de Familia dun so proxenitor.
- Mediante Libro de Familia de dous proxenitores acompañado de sentenza xudicial de separación, divorcio ou nulidade.
- Mediante sentenza xudicial que acredite a condición de vítima de violencia de xénero do proxenitor con quen conviven os fillos.

a) As unións de feito que estean inscritas no rexistro correspondente e os seus descendentes que convivan con eles e estean o seu cargo.

Para acreditar as persoas que forman a unión de feito, poderá aportarse:

- Inscripción no Rexistro específico da Comunidade Autónoma ou do Concello respectivo do lugar de residencia.
- Escritura pública outorgada ante Notario.
- Conta bancaria en común.
- Empadramento ou enderezo fiscal común, que acredite a convivencia da parella no mesmo

enderezo.

- Tarxeta da Seguridade Social, na que conste a designación dun dos conviventes como beneficiaria/o.

- Existencia de fillos en común, acreditada a través do Libro de Familia.

SEGUNDO: Este acordo entrará en vigor a partir do 1 de setembro de 2025, coincidindo co comezo da nova tempada deportiva nas instalacións do Pazo dos Deportes “Paco Paz”.

TERCEIRO: Publicar o acordo de aprobación da Xunta de Goberno de modificación das tarifas obxecto desta proposta, no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Pazo dos Deportes, www.pazopacopaz.es, así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica de Deputación de Ourense (<http://www.depourense.es/index.php/es/sede-electronica-es>).

3º.- AUTORIZACIÓN A DONA MARÍA DEL PILAR SUÁREZ LEAL DE COMPATIBILIDADE PARA O EXERCICIO DUNHA ACTIVIDADE PRIVADA. (EXPTE. Nº 2025/17479H).-

D.^a Marta Novoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia. Non se producen intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (4), do BNG (2) e de Democracia Ourensana (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Recoñecerlle a empregada pública desta Deputación Provincial dona María del Pilar Suárez Leal, con DNI nº ***0997*, funcionaria interina desta Deputación Provincial, veterinaria, a compatibilidade co exercicio dunha actividade privada no réxime autónomo, por entender que se cumpren os requisitos requiridos pola Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

SEGUNDO.- En base ao previsto na disposición transitoria novena da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, aceptar a renuncia da empregada pública á percepción do complemento específico ou concepto equivalente dende a data da súa solicitude, é dicir dende o 5 de maio de 2025.

TERCEIRO.- O presente acto suxeitase as seguintes condicións:

- a) A súa actividade privada como autónomo compatibilizada, non poderá interferir no exercicio da súa actividade como empregada pública nesta Deputación Provincial, nin no horario nin na xornada de traballo establecido nesta Deputación.
- b) A empregada pública non poderá invocar ou facer uso da súa condición pública para o exercicio de actividade mercantil, industrial ou profesional.

c) A empregada pública, segundo o previsto no artigo 12 da Lei 53/1084, do 26 de decembro, non poderá exercer as actividades seguintes:

- O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares, nos asuntos en que estea a intervir, interviñese nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público. Inclúense en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas a quen se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.
- A pertenza a Consellos de Administración ou órganos reitores de Empresas ou Entidades privadas, sempre que a actividade das mesmas estea directamente relacionada coas que xestione o Departamento, Organismo ou Entidade no que preste os seus servizos o persoal afectado.
- O desempeño, por si ou por persoa interposta, de cargos de todo orde en Empresas ou Sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou con participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica daquelas.
- A participación superior ao 10 por 100 no capital das Empresas ou Sociedades a que se refire o parágrafo anterior.

CUARTO.- Inscribir o presente acordo, polo que se recoñece a referida compatibilidade para o exercicio dunha actividade privada como autónoma no Rexistro de Persoal desta Deputación Provincial.

QUINTO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, así como ao Negociado de Nóminas y Seguridade Social e á Intervención Provincial para que procedan ás modificacións retributivas correspondentes.

4º.- APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN DA ESCOLA PROVINCIAL DE ARTES E OFICIOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2025-2026 (EXPTE. Nº 2025/17270Q).-

A Presidencia sinala que, por acordo dos grupos, se realizará debate conxunto dos puntos 4, 5, 6 e 7 da orde do día desta sesión.

D.ª Marta Novoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, sinala que as matrículas destas escolas teñen un prezo público de 75,00 €, sinalando que se trata dunha suba respecto a anos anteriores, polo que pregunta cal é a razón.

D.^a Marta Novoa Iglesias, do Grupo Popular, contesta que se trata das propostas que realizan os xestores dos respectivos centros e que se busca que os prezos sexan todos iguais, incluídas as bonificacións que se aplican neles.

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (6) e do BNG (2), e a abstención do Grupo Socialista (4) e de Democracia Ourensana (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1º) Aprobar a programación da Escola de Artes e Oficios para o curso académico 2025-2026, co seguinte contido:

1.- Accións formativas

A Escola desenvolverá a formación nas seguintes disciplinas artísticas.

Debuxo e Pintura

Talla e escultura en madeira

Modelado-escultura en barro

Olería

2.- Calendario

O calendario do curso será dende o día 1 de outubro de 2025 ao día 30 de xuño de 2026.

Impartiranse cinco (5) horas de docencia diarias de cada disciplina en días hábiles, de luns a venres, e en horarios que fixará a Dirección da Escola. Os profesores disporán dunha (1) hora diaria de preparación das súas clases.

En función da matrícula existente, a Dirección poderá organizar o contido de cada disciplina nos grupos e horarios que se estimen máis convenientes.

A impartición dos cursos levarase a cabo nas aulas da Escola de Artes e Oficios utilizando os medios e materiais dispoñibles. Non obstante o anterior, o material de traballo de cada alumno (pintura, lenzos, molduras, etc.) será por conta deste.

3.- Prazo e procedemento de inscrición para a participación nas accións formativas

O prazo de inscrición será durante os días 1 a 30 de setembro de 2025, ambos incluídos. A inscrición realizarase no Centro Cultural “Marcos Valcárcel” (rúa Progreso, nº 30) no modelo normalizado dispoñible nas ditas oficinas e esixirá o ingreso da matrícula anual establecida.

A presentación do formulario de inscrición coa acreditación de pago da matrícula permitirá entender automaticamente realizada esta. Poderán matricularse alumnos a partir dos 12 anos de idade.

4.- Prezos públicos pola participación en acción formativas

Establécese un prezo público de 75 euros en concepto de matrícula.

A matrícula debe ser pagada no momento da inscrición, constituíndo requisito previo imprescindible para a súa efectividade.

Os prezos públicos indicados inclúen o IVE correspondente

No caso de varios membros da mesma unidade familiar (artigo 82 da Lei 35/2006), o primeiro membro pagaría o total da matrícula, e os seguintes 25,00 € cada un deles.

Aplicarase unha bonificación do 100% aos alumnos que acrediten, mediante certificado expedido polo servizo público de emprego, ser desempregados ou, en caso de menores, fillos de desempregados (ambos proxenitores), ao igual que para os que teñan recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade (grao I de discapacidade ou equivalente, + ou = 33%).

Ao abeiro do establecido no artigo 4.1.c da Ordenanza reguladora da Escola de Artes e Oficios, establécese una bonificación do 100% na matrícula anual en todas as disciplinas para as persoas con síndrome de Down.

2º) Ordenar a publicación deste acordo no BOP e na páxina web desta Deputación Provincial de Ourense, para xeral coñecemento.

5º.- APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN DA ESCOLA PROVINCIAL DE GAITAS PARA O CURSO 2025-2026 (EXPTE. Nº 2025/17215).-

Este punto foi debatido no punto 4º da orde do día.

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (6) e do BNG (2), e a abstención do Grupo Socialista (4) e de Democracia Ourensana (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar a programación da Escola Provincial de Gaitas para o curso 2025-2026, co seguinte contido:

Seguindo a programación académica contida nos programas dos distintos cursos a actividade docente iniciárase o 1 de outubro e rematará o 30 de xuño, impartíndose hora e media semanal por materia, aparte do mesmo tempo de ensaio semanal e actuacións coas distintas agrupacións da Escola.

Cada disciplina contará con profesor específico.

A actividade docente realizarase na Escola Provincial de Gaitas situada no Campus Universitario de Ourense.

Cada alumno aportará o seu material didáctico.

O prazo de matrícula será do 1 de setembro ao 31 de outubro, ambas datas inclusive. Excepcionalmente poderanse realizar matrículas ao longo do curso, especialmente cando se trata de alumnos estranxeiros ou grupos de centros galegos da emigración.

As inscricións formalizaranse na Escola de Gaitas, Campus Universitario, previo pago a través do prezo público establecido. O pagamento dos prezos públicos deberá realizarse a través do modelo de autoliquidación habilitado para o efecto pola Deputación Provincial de Ourense (<https://sede.depourense.es>) en calquera das entidades bancarias colaboradoras que se indiquen no impreso, nas oficinas de Correos ou a través da pasarela de pagos da sede electrónica da Deputación Provincial.

O prezo da matrícula por curso académico que inclúe as seguintes materias: Gaita, Percusión, Zanfona, Canto e Pandeireta será de **75,00 €**.

En caso de **varios membros da mesma unidade familiar** (artigo 82 da Lei 35/2006), o primeiro membro pagará o total da matrícula, e os **seguintes 25,00 €** cada un deles.

Aplicarase unha **bonificación do 100%** aos alumnos que acrediten, mediante certificado expedido polo servizo público de emprego, ser **desempregados** ou, en caso de menores, fillos de desempregados (ambos proxenitores), ao igual que para os que teñan recoñecida a condición legal de persoa con **discapacidade** (grao I de discapacidade ou equivalente, + ou = 33%).

A programación dos cursos así como toda a información estará dispoñible para os interesados nas dependencias da Escola de Gaitas.

OFERTA DE PLAZAS

CICLO ELEMENTAL GAITA

Preparatorio 1 20 prazas

Preparatorio 2 20 prazas

CICLO MEDIO GAITA

1º Curso 40 prazas

2º Curso 40 prazas

3º Curso 40 prazas

CICLO SUPERIOR GAITA

1º Curso 10 prazas

2º Curso 10 prazas

3º Curso 10 prazas

4º Curso 5 prazas

CURSO ADULTOS GAITA

1º Curso 40 prazas

2º Curso 20 prazas

PERCUSIÓN

1º Curso 20 prazas

2º Curso 20 prazas

3º Curso 20 prazas

Curso especial 10 prazas

CANTO E PANDEIRETA

Preparatorio 1 15 prazas

Preparatorio 2 20 prazas

1º Curso 20 prazas

2º Curso 20 prazas

3º Curso 20 prazas

CURSO ADULTOS CANTO E PANDEIRETA

1º Curso 30 prazas

2º Curso 30 prazas

ZANFONA

1º Curso 10 prazas

2º Curso 10 prazas

3º Curso 10 prazas

2º.- Ordenar a publicación deste acordo no BOP e na páxina web da Deputación Provincial de Ourense, para xeral coñecemento.

6º.- PROGRAMACIÓN DO CURSO 2025-2026 E FIXACIÓN DE PREZOS PARA AS ACTIVIDADES DO CCP XAQUÍN LORENZO-ESCOLA DE DANZA (EXPTE. Nº 2025/17744F).-

Este punto foi debatido no punto 4º da orde do día.

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (6) e do BNG (2), e a abstención do Grupo Socialista (4) e de Democracia Ourensana (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar a programación das actividades do CCP Xaquín Lorenzo-Escuela de Danza para o curso 2025-2026, co seguinte contido:

1.- ACTIVIDADES:

1- Obradoiro de Folclore: Baile tradicional, Canto tradicional e pandeireta e Gaita para grupos de acompañamento de baile tradicional

2- Obradoiro de Tecido Artesán en Teares tradicionais

3- Obradoiro de xogos populares

- Obradoiro de Folclore:

- Baile tradicional, Canto tradicional e pandeireta. Dirixido a todas as persoas interesadas na cultura popular a partir de cinco anos sen límite de idade e sen necesidade de ter coñecementos previos sobre a materia.

- Nº Prazas por actividade 200.
- Duración do curso: dende o día 1 de outubro até o 15 de xuño.
- Horarios de luns a Venres de 17:30 a 21.00 en función da idade e o nivel dos alumnos.
- Tempo de clase será de até 2'30 horas semanais segundo a idade e o nivel.

- Gaita para acompañamento de grupos de baile tradicional. Dirixido a todas as persoas interesadas na cultura popular a partir de oito anos sen límite de idade.

- Duración do curso: dende o día 1 de outubro ate o 15 de xuño.
- Nº Prazas: 30.
- O tempo de clase: 2 horas semanais
- Horario: Luns de 18.30 a 21.00 e Venres de 19.00 a 21.30 (a convir co alumnado) en función da dispoñibilidade, da idade e o nivel dos alumnos.

- Obradoiro de Tecido Artesán en Teares tradicionais: orientado para alumnos de 8 anos en diante con interese e coñecer as técnicas de tecido artesanal galegas e no que durante o proceso de formación confeccionarán tecidos para a posterior elaboración de vestiario da Escola de Danza da Deputación. Reservarase un período para a elaboración de tecidos para os propios alumnos (neste caso, o material correrá a cargo do alumno).

- Nº Prazas por curso 20.
- Duración do curso:
 - 1º Curso dende o día 1 de outubro ate 31 de xaneiro.
 - 2º Curso dende o día 1 de febreiro ate o 31 de Maio.
- Horarios de luns a venres de 17:00 a 20.00 (coa posibilidade de realizalo un día pola mañá en función das circunstancias do alumnado).
- Tempo de clase 3 horas semanais.

- **Obradoiro de xogos populares:** Programa gratuíto dirixido a todos os centros educativos de Educación Primaria e Secundaria da provincia de Ourense.

-Duración do curso: o obradoiro realizarase en cada Centro, entre os meses de novembro e xuño en horario lectivo, con sesións adaptadas ao horario lectivo do centro.

- No período de xuño até setembro as actividades levaranse a cabo nos concellos e asociacións da provincia, previa solicitude.

- Recursos materiais. O CCP Xaquín Lorenzo conta con todo o material de xogo preciso para a realización do programa.

2.- PRAZOS E PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN.

- Dende o día 15 de setembro ata o día 31 de outubro, formalización da matrícula.

- As inscricións formalizaranse no CCP Xaquín Lorenzo, situado no Centro Comercial As Lagoas, núm. 4, Local 7, Praza Daniel González, previo pago a través do prezo público establecido. O pagamento dos prezos públicos deberá realizarse a través do modelo de autoliquidación habilitado ao efecto pola Deputación Provincial de Ourense (<https://sede.depourense.es>) en calquera das entidades bancarias colaboradoras que se indiquen no impreso, nas oficinas de Correos ou a través da pasarela de pagos da sede electrónica da Deputación Provincial.

- Os centros interesados no Obradoiro de xogos populares, deberán remitir a súa solicitude ao Rexistro da Deputación a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no BOP e ata o día 15 de outubro. Os interesados deberán presentar as solicitudes, dirixidas á Presidencia da Deputación de Ourense, no Rexistro Xeral da Deputación ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 38.4 de Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo.

3.- PREZO PÚBLICO.

- Prezo público do **Obradoiro de folclore** (Baile, de Canto e Pandeireta, e de Gaita), será de **75,00 €** en concepto de matrícula.

En caso de **varios membros da mesma unidade familiar** (artigo 82 da Lei 35/2006), o primeiro membro pagará o total da matrícula, e os **seguintes 25,00 €** cada un deles.

Aplicarase unha **bonificación do 100%** aos alumnos que acrediten, mediante certificado expedido polo servizo público de emprego, ser **desempregados** ou en

caso de menores, fillos de desempregados (ambos proxenitores), ao igual que para os que teñan recoñecida a condición legal de persoa con **discapacidade** (Grao I de discapacidade ou equivalente, + ou = 33%).

- Prezo público por cada un dos **Obradoiro de tecido tradicional en teares** programados para o curso (outubro-xaneiro e febreiro-maio) será de **75,00 €** en concepto de matrícula.

Aplicarase unha **bonificación do 100%** aos alumnos que acrediten, mediante certificado expedido polo servizo público de emprego, ser **desempregados** ou en caso de menores, fillos de desempregados (ambos proxenitores), ao igual que para os que teñan recoñecida a condición legal de persoa con **discapacidade** (Grao I de discapacidade ou equivalente, + ou = 33%).

A programación dos diferentes cursos así como toda a información pertinente estará dispoñible para todos os interesados nas dependencias da propia Escola, situada no Centro Comercial As Lagoas, núm. 4, Local 7, Praza Daniel González.

2º.- Ordenar a publicación deste acordo no BOP e na páxina web da Deputación Provincial de Ourense, para xeral coñecemento.

7º.- PROGRAMACIÓN DO CURSO 2025-2026 E FIXACIÓN DE PREZOS PARA AS ACTIVIDADES DO OBRADOIRO DE GAITAS E INSTRUMENTOS TRADICIONAIS (EXPTE. Nº 2025/17745P).-

Este punto foi debatido no punto 4º da orde do día.

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (6) e do BNG (2), e a abstención do Grupo Socialista (4) e de Democracia Ourensana (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar a programación das actividades do Obradoiro de Gaitas e Instrumentos Tradicionais para o curso 2025-2026, co seguinte contido:

1.- ACTIVIDADES:

1.1.- Obradoiro de construción artesanal de percusión tradicional.

1.2.- Obradoiro de construción artesanal de gaita galega.

1.3.- Obradoiro monográfico de construción artesanal de diferentes instrumentos tradicionais e populares.

1.1.- Obradoiro de construción artesanal de percusión tradicional.

- Orientado para alumnos de 14 anos en diante, con interese en coñecer as técnicas de construción artesanais galegas, e que durante o proceso de formación construírán

instrumentos para a propia escola, reservándose un período para a construción de instrumentos para os propios alumnos.

- Número de prazas por curso: 16, en dous grupos cada un de 8 alumnos como máximo.
- Duración do curso: o curso será dende o día 1 de outubro ata o 31 de maio.
- Horario: de luns a xoves de 17:00 a 20:00 horas (coa posibilidade de realizalo algún día pola mañá en función das circunstancias do alumnado).
- Tempo: 3 horas semanais.

1.2.- Obradoiro de construción artesanal de gaita galega.

- Orientado para alumnos de 14 anos en diante, con interese e coñecer as técnicas de construción artesanais galegas, e que durante o proceso de formación construírán instrumentos para a propia escola, reservándose un período para a construción de instrumentos para os propios alumnos.
- Número de prazas por curso: 16, en dous grupos cada un de 8 alumnos como máximo.
- Duración do curso: o curso será dende o día 1 de outubro ata o 31 de maio.
- Horario: de luns a xoves de 17:00 a 20:00 horas (coa posibilidade de realizalo algún día pola mañá en función das circunstancias do alumnado).
- Tempo: 3 horas semanais.

1.3.- Obradoiro monográfico de construción artesanal de diferentes instrumentos tradicionais e populares:

- Orientado para alumnos de 14 anos en diante (realizaranse a demanda do alumnado durante todo o ano).
- Número de prazas por curso: previsiblemente poderán facerse en grupos máximo de 8 alumnos.
- Os instrumentos construíranse de maneira artesanal, empregando sempre materiais e madeiras apropiados, garantindo a fidelidade sonora e estrutural de cada peza.

2.- PRAZOS E PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN.

- Dende o día 15 de setembro ata o día 31 de outubro, formalización da matrícula.
- As inscricións formalizaranse no CENTRO CULTURAL MARCOS VALCÁRCEL, sito na rúa progreso nº 30, previo pago a través do prezo público establecido. O pagamento dos prezos públicos deberá realizarse a través do modelo de autoliquidación habilitado ao efecto pola Deputación Provincial de Ourense (<https://sede.depourense.es>) en calquera das entidades bancarias colaboradoras que

se indiquen no impreso, nas oficinas de Correos ou a través da pasarela de pagos da sede electrónica da Deputación Provincial.

3.- PREZO PÚBLICO.

- Prezo público do **Obradoiro de construción artesanal de percusión tradicional**, será de **75,00 €** en concepto de matrícula.
- Prezo público do **Obradoiro de construción artesanal de gaita galega**, será de **120,00 €** en concepto de matrícula.
- Prezo público do **Obradoiro monográfico de construción artesanal de diferentes instrumentos tradicionais e populares**: será de **35,00 €** en concepto de matrícula.
- En caso de **varios membros da mesma unidade familiar** (artigo 82 da Lei 35/2006), o primeiro membro pagaría o total da matrícula, e os **seguintes 25,00 €** cada un deles. Aplicarase unha **bonificación do 100%** aos alumnos que acrediten, mediante certificado expedido polo servizo público de emprego, ser **desempregados** ou en caso de menores, fillos de desempregados (ambos proxenitores), ao igual que para os que teñan recoñecida a condición legal de persoa con **discapacidade** (Grao I de discapacidade ou equivalente, + ou = 33%).

2º.- Ordenar a publicación deste acordo no BOP e na páxina web da Deputación Provincial de Ourense, para xeral coñecemento.

8º.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ECO BARCOS PARA RUTAS TURÍSTICO-FLUVIAIS NOS ENCOROS DE CASTRELO DE MIÑO, FRIEIRA E AS CONCHAS (OURENSE) (EXPTE. Nº 2025/15269Q).

D.ª Marta Novoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia.

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG, fai uso da palabra para referirse á problemática de saúde pública que está a padecer outra vez máis o encoro das Conchas, e que é onde se desenvolve unha das rutas fluviais destes ecobarcos. Lembra que esta semana o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ven de fallar nunha demanda presentada por varios veciños da zona, condenando á Xunta de Galicia e á CH do Miño-Sil a importantes indemnizacións e a adoptar as medidas necesarias para garantir a saúde da xente que reside nesa zona. Engade que as análíticas que está a realizar a Xunta de Galicia nestas datas están a fluctuar entre o Nivel II e o Nivel III, e que se está a recomendar non bañarse nesas augas nin realizar deportes acuáticos, razón pola que pide que se estremen as precaucións.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, sinala que esta recente sentenza non fai máis que corroborar o que todos sabemos, e que a Xunta de Galicia debe atacar o problema de raíz, aprobando unha moratoria na apertura de novas granxas (sinala que na Comarca da Limia hai máis de 300 granxas de porcino en apenas 400 km²) e creando unha planta para o tratamento dos xurros. Todo o demais non vai servir de nada, e hai que atacar o problema na súa orixe.

O **presidente** matiza que a recente sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia absolveu aos concellos emprazados no encoro das Conchas, o que amosa que o están a facer ben, e que tanto a Xunta de Galicia como a Confederación Hidrográfica xa anunciaron que van a recorrer a citada sentenza. Sinala que a Xunta está a recomendar non bañarse no encoro, pero que non se pode prohibir, e que os concellos cumpren rigorosamente as súas obrigas de sinalización consonte son transmitidas pola Xunta de Galicia.

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG, manifesta que recentemente, en días nos que se estaba en nivel III, hai vídeos de persoas realizando deportes acuáticos e mergullos no encoro, polo que insiste en que se cumpran as limitacións necesarias para preservar a saúde das persoas.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, insiste en que as augas do encoro das Conchas son desagradables para o baño, pero que en todo caso a única solución pasa por atacar o problema na Comarca da Limia, evitando a filtración dos xurros das granxas nas augas.

O **presidente** remata indicando que a sentenza sinala claramente que administracións son as responsables e cales non, e engade que tanto a Xunta como a Confederación Hidrográfica son as que deben velar pola saúde das augas do encoro, e lembra que todas as actuacións e autorizacións autonómicas van precedidas dun informe da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (4), do BNG (2) e de Democracia Ourensana (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1º. Modificar os prezos públicos pola prestación do SERVIZO DE ECO BARCOS PARA RUTAS TURÍSTICO-FLUVIAIS NOS ENCOROS DE CASTRELO DE MIÑO, FRIEIRA E AS CONCHAS (OURENSE), consonte coa seguinte táboa:

PASAXE DE RUTA TURÍSTICO – FLUVIAL		
Prezo usuario/a	14,00 €	

Prezo neno/a	7,00 €	<i>*Menor de 14 anos</i>
Prezo usuario/a reducido - establecementos turísticos	12,00 €	<i>* Reservas realizadas desde establecementos turísticos adheridos ao Programa de promoción das rutas turístico - fluviais</i>
Prezo usuario/a reducido – axencias de viaxes	10,00 €	<i>* Reservas realizadas por Axencias de viaxes</i>
Prezo usuario/a familia numerosa	10,00 €	<i>*Persoa posuidora de título de familia numerosa</i>
Prezo persoa con discapacidade	10,00 €	<i>*Grao I de discapacidade ou equivalente (+ ou = 33%)</i>
ALUGAMENTOS PARTICULARES		
Medio día	100,00 €	<i>*Máximo seis (6) horas.</i>
Día completo	180,00 €	<i>*Máximo dez (10) horas.</i>
ALUGAMENTOS ABOADOS <i>(*Axencias de viaxes e empresas adheridas ao Sistema Integral de Calidade turística en Destino Ourense termal)</i>		
Medio día	80,00 €	<i>*Máximo seis (6) horas.</i>
Día completo	150,00 €	<i>*Máximo dez (10) horas.</i>

***Todos os prezos públicos inclúen o IVE e demais impostos.

***Nos alugamentos particulares e abonados (medio día e día completo), efectuarase unha retención ao solicitante polo importe de 500,00 euros, a través do TPV VIRTUAL con cargo á unha tarxeta de crédito, en concepto de fianza, para responder das eventuais responsabilidades en que puidese incurrir en relación co arrendamento da embarcación.

Dita retención, en concepto de fianza, será liberada o antes posible, previa comprobación da inexistencia de responsabilidades ás que puidese quedar afecta. A fianza non será liberada no intre do desembarque, senón nun prazo máximo de cinco (5) días, e condicionada á tramitación da entidade financeira. En todo caso a Deputación de Ourense resérvase o dereito de exercer as accións administrativas e / ou xudiciais que estime procedentes para resarcir os eventuais danos que superen o importe da fianza.

2º. Nos restantes aspectos non previstos no presente acordo, estarase ao disposto na Ordenanza provincial reguladora dos prezos públicos polos servizos de actividades culturais, deportivas, educativas e de ocupación do tempo libre promovidas por la Deputación (BOP núm. 139 de data 19.06.2014) e demais normativa de aplicación.

3º. Publicar o presente acordo no BOP de Ourense.

9º.- EXPEDIENTE NÚMERO 7/2025 DE MODIFICACIÓN DO ANEXO IV DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (EXPTE. Nº 2025/17831W).-

D.^a Marta Novoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia. Engade que é posible que antes do Pleno se realice unha emenda ao ditame desta comisión para incluír os cambios de obxecto nas diferentes subvencións que poidan solicitar os concellos, para así evitar que teñan que agardar ata o Pleno do mes de setembro.

D.^a María Mangana Guede, do BNG, sinala que o seu grupo en principio apoiará a proposta xa que entende que é unha decisión de cada concello, se ben sinala que hai cambios de obxecto que lle chaman a atención e que denotan certa falla de planificación por algún concello.

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (4), do BNG (2) e de Democracia Ourensana (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente número 7/2025 de modificación do Anexo IV das bases de execución do orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense, do seguinte xeito:

- a) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 “Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos ”** no expediente de modificación número 4/2025 dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Nogueira de Ramuin** para “ **Ampliación de residencia de maiores** ” pola cantidade de **100.000,00 euros**.

En base a solicitude asinada polo Alcalde do concello de Nogueira de Ramuín na data 17 de xuño de 2025 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, solicitando a ser posible, o cambio da finalidade da mesma.

Polo exposto anteriormente, **proponse o cambio da finalidade** da subvención quedando da seguinte maneira,

CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN

FINALIDADE	IMPORTE
Proxecto de beirarrúas e soterramento de redes na travesía de San Miguel, no concello de Nogueira de Ramuín	100.000,00 €

- b) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 “Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos ”** no expediente de modificación número **4/2025** dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Bande** para “ **mellora do camiño no núcleo rural de Corvelle e honorarios técnicos**” pola cantidade de **9.718,12 euros**.

En base a solicitude asinada pola Alcaldesa do concello de Bande na data 19 de xuño de 2025 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día comunicando que é necesaria a modificación da finalidade da subvención, ao non poder levar a cabo dito proxecto.

Tendo en conta que o Concello ten previsto levar a cabo actuacións de reparacións en vías municipais, solicita, a ser posible, o cambio de finalidade.

Polo exposto anteriormente, **proponse o cambio da finalidade** da subvención quedando da seguinte maneira,

CONCELLO DE BANDE

FINALIDADE	IMPORTE
Reparación en vías municipais	9.718,12 €

- c) Con cargo á aplicación orzamentaria **43300/48099 “ Desenvolvemento empresarial. Subvención nominativa correntes a familias e institucións sen ánimo de lucro”** no expediente de modificación número **3/2025** dos orzamentos para o exercicio 2025 da

Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa á Asociación de Empresarios do Polígono de San Cibrao das Viñas para “ **Gastos de funcionamento**” pola cantidade de **40.000,00 euros**.

En base a solicitude presentado polo Presidente da Asociación, **proponse a ampliación do obxecto** da subvención quedando da seguinte maneira,

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DO POLÍGONO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS

FINALIDADE	IMPORTE
Gastos de funcionamento e mantemento	40.000,00 €

- d) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 “Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos ”** no expediente de modificación número **4/2025** dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Cenlle** para “ **cofinanciamento de obras de renovación de infraestruturas en Laias** ” pola cantidade de **50.000,00 euros**.

En base a solicitude asinada pola Alcaldesa na data 04 de xuño de 2025 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día comunicando que é necesaria a modificación da finalidade da subvención inicialmente prevista visto que é dubidoso que se licite a obra por Augas de Galicia neste exercicio.

O Concello non obtivo axuda da Dirección Xeral da Administración Local para esta nova actuación que se propón, é tendo en conta que é unha obra complementaria do Plan Camiña Rural 2025-2026, **proponse o cambio da finalidade** da subvención, quedando da seguinte maneira,

CONCELLO DE CENLLE

FINALIDADE	IMPORTE
Mellora de infraestruturas no núcleo de Pazos Ermos no Concello de Cenlle	50.000,00 €

- e) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 “Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos ”** no expediente de modificación número **4/2025** dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de

Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Vilamarín** para “**Melloras en seguridade e limpeza no Parque Empresarial**”, pola cantidade de **30.000,00 €**.

En base a solicitude asinada polo Alcalde na data 08 de xullo de 2025 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día comunicando que é necesaria a modificación da finalidade da subvención inicialmente prevista tendo en conta coas necesidades actuais do Parque Empresarial.

Polo exposto anteriormente, **proponse o cambio da finalidade** quedando da seguinte maneira,

CONCELLO DE VILAMARÍN

FINALIDADE	IMPORTE
Melloras en sistemas de seguridade no Parque Empresarial	30.000,00 €

- f) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 “Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos ”** no expediente de modificación número **4/2025** dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Boborás** para “**cofinanciamento de obras de eficiencia enerxética do pavillón municipal** ” pola cantidade de **30.000,00 euros**.

En base a solicitude asinada pola Alcaldesa na data 04 de xullo de 2025 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día comunicando que é necesaria a modificación da finalidade da subvención inicialmente prevista a incompatibilidade coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, **proponse o cambio da finalidade** da subvención, quedando da seguinte maneira,

CONCELLO DE BOBORÁS

FINALIDADE	IMPORTE
Proxecto de canalización soterrada e distribución eléctrica en Brues	30.000,00 €

Estes cambios non implican un cambio cuantitativo no orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense.

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

10º.- APROBACIÓN DO REGULAMENTO REGULADOR DO SISTEMA DE CARREIRA ADMINISTRATIVA HORIZONTAL PARA OS/AS EMPREGADOS/AS PÚBLICOS/AS PROVINCIAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (EXPTE. 2025/16967N).-

D.ª Marta Novoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia.

D.ª María Mangana Guede, do BNG, e **D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista**, manifestan que estudarán esta proposta con detalle polo que reservan o voto para a sesión plenaria.

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (4), do BNG (2) e de Democracia Ourensana (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º. Aprobar inicialmente o Regulamento regulador do sistema de carreira administrativa horizontal para os/as empregados/as públicos/as provinciais da Deputación Provincial de Ourense, co seguinte contido:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación no 2007 do Estatuto básico do empregado público (EBEP) supuxo a introdución dunha importantísima novidade para o desenvolvemento profesional do persoal das administracións públicas: o sistema de carreira profesional horizontal.

A carreira profesional supón o dereito do persoal empregado da Deputación Provincial de Ourense a progresar de maneira individualizada como recoñecemento ao seu desenvolvemento profesional, no que ten que ver con coñecementos, formación, experiencia, participación e iniciativas concretas de traballo que supoñan implicación e compromiso coa Deputación Provincial e outros aspectos relevantes, segundo o caso, para a correspondente profesión. O deseño dun sistema de carreira profesional aumentará a motivación e a satisfacción profesional dos traballadores, redundando nunha maior eficacia da Deputación Provincial no desenvolvemento das competencias que ten asignadas.

En relación ao marco normativo temos que facer referencia en primeiro lugar á lexislación básica da materia, recollida fundamentalmente no capítulo II do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP) relativo ao dereito á carreira profesional e á promoción interna. No artigo 16 do TREBEP ven recollido o que é o concepto, principios e modalidades da carreira profesional dos funcionarios da carreira e xa no artigo 17 contéplase o que é a carreira horizontal dos funcionarios de carreira sinalando que as leis de función pública que se diten en desenvolvemento do Estatuto básico poderán regular a carreira horizontal dos funcionarios de carreira. Polo que se refire á carreira profesional do persoal laboral ven recollido no artigo 19 do TREBEP remitindo aos procedementos previstos no Estatuto dos traballadores ou nos convenios colectivos. Polo tanto, o TREBEP é norma básica e deixa ás leis de función pública das comunidades autónomas, a regulación e o desenvolvemento do seu propio esquema de carreira, estando regulada en Galicia a través da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG) no seu capítulo II do título VI. En concreto, o artigo 77 regula a carreira horizontal para o persoal funcionario de carreira, supeditando a súa aplicación ao seu desenvolvemento regulamentario. En ausencia dese regulamento, a disposición transitoria oitava, no seu apartado 4, da LEPG establece a posibilidade de desenvolver un sistema transitorio de recoñecemento da progresión da carreira administrativa, complementario ao grao persoal e configurado como unha retribución adicional ao complemento de destino. Na Xunta de Galicia diferénciase o que é o complemento de carreira para persoal funcionario e o complemento de desempeño para o persoal laboral en base precisamente a esa disposición transitoria, sistema que non será aplicable á Deputación Provincial de Ourense xa que tanto funcionarios como laborais teñen a mesma estrutura retributiva, aplicando para ambos supostos o complemento de carreira. O que si será aplicable na Deputación Provincial de Ourense é o réxime transitorio establecido na Xunta de Galicia, especialmente para o recoñecemento do grao I e o grao II para todo o persoal público provincial.

Tamén no caso da Deputación temos que acudir ao Acordo regulador e ao Convenio colectivo onde no seu artigo 14 de ambos documentos recóllese que os empregados públicos teñen dereito á promoción profesional e á carreira profesional, entendidos como o conxunto ordenado de oportunidades de ascenso e expectativas de progreso profesional conforme cos principios de igualdade, mérito e capacidade. No seu apartado segundo do artigo 14 establécese que de conformidade co previsto no capítulo II do título III do Estatuto básico do empregado público así como na lexislación autonómica correspondente,

estableceranse os mecanismos de carreira e promoción interna para os empregados públicos provinciais.

En consecuencia, a normativa establece un mandato claro para as administracións públicas, manifestando que estas promoverán a actualización e perfeccionamento da cualificación profesional dos seus traballadores.

O Goberno da Deputación Provincial de Ourense, consciente destas esixencias normativas, estableceu a través do documento “Informe da Presidencia sobre as grandes liñas estratéxicas da política de recursos humanos para o mandato 2023-2027” o que son os principais obxectivos da política de recursos humanos da Administración provincial. Dentro do seu apartado nº 6 do documento, relativo á mellora das condicións laborais dos empregados públicos provinciais, figura o compromiso de negociar no seo da mesa xeral de negociación un sistema de carreira profesional para os empregados públicos provinciais así como iniciar os estudos precisos para aplicar a avaliación do desempeño na Administración provincial. Froito deste documento e como primeiro paso para a implantación do sistema de carreira horizontal na Deputación Provincial de Ourense elaborouse un documento inicial onde se recollen os principios xerais, o establecemento dun cronograma e a posibilidade de aplicación dun réxime transitorio.

ARTIGO PRIMEIRO.- OBXECTO.

Este regulamento ten por obxecto establecer as bases e incorporar a modalidade de carreira profesional horizontal para todos/as os/as empregados/as públicos da Deputación Provincial de Ourense nos termos previstos legalmente.

ARTIGO SEGUNDO.- CONCEPTO E OBXECTIVOS DA CARREIRA PROFESIONAL

2.1. *A **carreira profesional** é o conxunto ordenado de oportunidades de ascenso e expectativas de progreso profesional conforme cos principios de igualdade, mérito e capacidade.*

2.2. *A **carreira administrativa horizontal** supón a posibilidade de avanzar profesional e retributivamente sen necesidade de cambiar de posto de traballo como recoñecemento a experiencia, coñecementos e compromiso coa organización mostrados durante a actividade profesional. A carreira horizontal terá carácter progresivo, será voluntaria e organizarase en 4 graos que se establezan aos que se accederá mediante convocatoria previa.*

2.3. *Son **obxectivos do sistema de carreira profesional horizontal** os seguintes:*

- a) Recoñecer a achega dos empregados públicos provinciais á mellora da calidade dos servizos que presta a Deputación Provincial de Ourense.*

- b) *Distinguir aos profesionais, outorgándolles un recoñecemento obxectivo á súa competencia profesional e individual.*
- c) *Fomentar a cultura do compromiso do persoal da Deputación Provincial de Ourense co sistema de función pública, promovendo a actualización dos seus coñecementos e competencias e a mellora da súa cualificación.*
- d) *Lograr un maior grao de motivación que permaneza ao longo da súa vida laboral como xeito de propiciar a mellora dos servizos públicos.*

ARTIGO TERCEIRO.- CARACTERÍSTICAS DA CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL

Son características da carreira profesional horizontal as seguintes:

- a) **Voluntaria:** *corresponde ao persoal decidir se se incorpora ao sistema de carreira e o ritmo de progresión nos diferentes graos que a configuran, cumprindo os requisitos establecidos.*
- b) **Personalizada:** *o recoñecemento do grao ten carácter persoal e individual e farase considerando os méritos presentados pola persoa interesada de conformidade cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*
- c) **Progresiva:** *o acceso aos diferentes graos recoñecidos na carreira farase sucesivamente ao longo da vida laboral, de xeito que o acceso ao grao superior só será posible acreditando o recoñecemento do grao inmediatamente inferior e logo dun período de permanencia neste último.*
- d) **Available:** *o sistema fundaméntase na avaliación, suxeita a baremo, da antigüidade e dos méritos da persoa interesada.*
- e) **Transparente:** *os elementos e criterios de avaliación serán públicos.*
- f) **Irreversible:** *os graos serán irreversibles e consolidables para todos os efectos.*
- g) **Independente do posto de traballo que se ocupe:** *obter un grao de carreira determinado ou acceder a outro non implica cambiar de posto de traballo nin de actividade que a persoa interesada desenvolve.*
- h) **Actualizable:** *a variación no valor do complemento de carreira profesional será actualizado anualmente na mesma porcentaxe de incremento que establezan as sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado e do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.*
- i) **Aberta:** *non ten limitacións de acceso (sen cotas), sempre que se cumpran os requisitos básicos establecidos e os criterios definidos para obter cada grao.*

- j) **Homologable:** o sistema deséñase consonte cos criterios xerais de homologación e incorporará mecanismos para o recoñecemento dos graos de carreiras profesionais acadados noutras administracións públicas
- k) Orientada á prestación de **servizos públicos de calidade** á veciñanza así como ao mellor cumprimento dos obxectivos da Deputación Provincial de Ourense.

ARTIGO CUARTO.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

O sistema de recoñecemento da carreira administrativa será de aplicación a todo o persoal empregado público da Deputación Provincial de Ourense: persoal funcionario de carreira e interino, persoal laboral fixo, persoal laboral interino, persoal laboral temporal e persoal laboral indefinido ou o integrado procedente doutras administracións.

ARTIGO QUINTO.- REQUISITOS DE ACCESO AO SISTEMA DE CARREIRA PROFESIONAL

5.1. Para acceder ao sistema de carreira horizontal e progresar no recoñecemento dos graos sucesivos o empregado público provincial deberá cumprir os seguintes requisitos básicos:

- a) *Estar incluído no ámbito de aplicación establecido no artigo 4.*
- b) *Estar en situación de activo ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza. Aos efectos de completar período de permanencia en grao computarase o tempo de servizo activo ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza.*
- c) *Presentar a solicitude de recoñecemento de grao no prazo que se estableza na convocatoria correspondente, que será periódica e non dilatoria.*
- d) *Acreditar o período de permanencia establecido en cada caso.*

5.2. Non se procederá ao recoñecemento de graos na situación de suspensión de funcións declarada como consecuencia da tramitación dun procedemento xudicial ou expediente disciplinario ata que sexa reincorporado ao servizo activo e sempre que cumpra os demais requisitos.

ARTIGO SEXTO.- ESTRUCTURA, SISTEMA DE GRAOS E RETRIBUCIÓN

6.1. O punto de inicio do cómputo para a carreira profesional será a toma de posesión (para o persoal funcionario de carreira ou interino) ou a sinatura no contrato que corresponda (laboral fixo, temporal ou indefinido non fixo). No caso de discrepancia só será válido o documento acreditativo desa situación expedido polo Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior.

6.2. *Entenderase como tempo efectivo de traballo, para os efectos de cómputo de permanencia nos diferentes graos, o tempo transcorrido en servizo activo ou calquera outra que supoña reserva de praza.*

6.3. *Para recoñecer a progresión na carreira profesional establécense unha serie de graos:*

a) Grao inicial: ata máximo dos cinco anos de servizo continuado, non sendo esixible a acreditación de horas de formación.

b) Grao I: a partir dos 5 anos de servizo acreditando a realización de polo menos 40 horas de formación total acumulada.

c) Grao II: a partir dos 10 anos de servizo acreditando a realización de polo menos 100 horas de formación total acumulada.

d) Grao III: a partir dos 15 anos de servizo e acreditando a realización de polo menos 150 horas de formación total acumulada.

e) Grao IV: con máis de 20 anos de servizo e acreditar a realización de polo menos 200 horas de formación total acumulada.

6.4. *Por formación enténdese o conxunto de actividades que teñen como finalidade o mantemento e mellora da competencia profesional e o desenvolvemento do empregado público e, polo tanto, axudar na consecución dos obxectivos da Deputación Provincial de Ourense. Serán computables como formación todos aqueles cursos e xornadas convocados e organizados polas administracións públicas, universidades tanto públicas como privadas, organizacións sindicais e outras entidades cuxa formación estea recoñecida por un organismo oficial. Do mesmo xeito, recoñécese como mérito para a carreira profesional a formación de carácter transversal: violencia de xénero, igualdade, ofimática, lingua galega, idiomas, prevención de riscos laborais, primeiros auxilios, etc. Todos os cursos ou xornadas de formación serán xustificados mediante certificado acreditativo no que conste o número de horas, sen o cal non será válido. As horas de formación serán acumulables entre cada un dos graos. Tamén será valorable a formación que realice o/a empregado/a público/a como docente ou formador/ora.*

6.5. *O grao inicial non terá retribución.*

6.6. *Os graos I a IV recoñecidos aboaranse mediante unha retribución adicional ao complemento de destino como retribución complementaria de carácter fixo para o correspondente corpo, escala, especialidade ou categoría profesional.*

6.7. *Este complemento será adicional aos conceptos retributivos actualmente existentes na estrutura salarial dos empregados públicos da Deputación Provincial de Ourense.*

6.8. *As contías anuais que se perciban por este complemento devindicaranse en 12 mensualidades e serán as seguintes (por cada grao):*

A1	1.080 euros
A2	1.080 euros
B	840 euros
C1	840 euros
C2	720 euros
AP	720 euros

Estas cantidades serán actualizadas anualmente coa porcentaxe de incremento que estableza as sucesivas leis de orzamentos para a retribución do persoal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense.

ARTIGO SÉTIMO.- PROCEDEMENTO ORDINARIO

7.1. *A solicitude de recoñecemento de grao presentarase polas persoas empregadas da Deputación Provincial de Ourense que reúnan os requisitos establecidos neste regulamento previa convocatoria aprobada polo órgano competente e na que se establecerá a data de inicio e fin de prazo de presentación. Este prazo será como mínimo dun mes.*

7.2. *Os requisitos para acceder ao grao solicitado deberán acreditarse dentro do prazo indicado.*

7.3. *No Portal do Empregado da Deputación Provincial de Ourense habilitarase o enlace necesario para presentar a solicitude e achegar a documentación acreditativa das horas de formación.*

7.4. *A resolución sobre o recoñecemento de grao ditarase no prazo máximo de 3 meses desde a finalización do prazo de presentación das solicitudes.*

ARTIGO OITAVO.- PROGRESIÓN NA CARREIRA PROFESIONAL

8.1. *O recoñecemento da progresión nos graos da carreira profesional implicará variacións de clasificación profesional e retributivos pero non cambios xerárquicos nin funcionais. Na práctica, o persoal da Deputación Provincial de Ourense continuará desempeñando as súas funcións na mesma unidade ou departamento ao que estaba adscrito.*

8.2. *O acceso a un grao superior requirirá do cumprimento dos seguintes requisitos:*

a) O período de permanencia no grao inmediatamente inferior:

-Para o acceso ao grao I, 5 anos desde a adquisición do grao inicial.

- Para o acceso ao grao II, 6 anos desde a adquisición do grao I.
- Para o acceso ao grao III, 6 anos desde a adquisición do grao II.
- Para o acceso ao grao IV, 7 anos desde a adquisición do grao III.

- b) Obtención dunha avaliación positiva.
- c) Acreditar a formación establecida para cada grao.
- d) Non ter sanción administrativa grave ou moi grave.

8.3. O empregado ou empregada provincial en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns terá dereito ao cómputo do tempo na devandita situación, a efectos de carreira profesional horizontal, nos seguintes termos:

a) Cando nun mesmo ano natural coexistan períodos de prestación efectiva de servizos e períodos de permanencia na situación de incapacidade temporal e a valoración do proceso de avaliación anual do empregado/a sexa favorable.

b) No suposto de que no ano natural non se produza prestación efectiva de servizos, suspenderase a progresión ata o primeiro ano no que exista prestación de servizos efectiva que permita a avaliación, conservándose e retribuíndose durante o período de incapacidade a categoría e grao obtido no momento do inicio da situación da incapacidade laboral temporal.

c) Cando a incapacidade temporal veña dada por continxencias profesionais, computarase o tempo como de traballo efectivo, aplicando o resultado da última avaliación ao desempeño efectuada.

8.4. No recoñecemento de progresión na carreira profesional as sancións disciplinarias leves non será impedimento para a progresión de grao. Pola contra, cando exista sanción grave ou moi grave o tempo de suspensión de funcións suporá a paralización do cómputo no grao que corresponda polo mesmo tempo que a sanción disciplinaria. Só se procederá neste último caso cando a sanción sexa firme.

ARTIGO NOVENO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

9.1. Constituirase unha comisión para realizar o seguimento das medidas que se adopten na súa aplicación e resolver as cuestións que xurdan na interpretación e execución deste regulamento.

9.2. A composición estará formada por unha ou un representante de cada unha das organización sindicais con presenza na Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Ourense e o presidente da Deputación ou deputado/a provincial no que delegue acompañado polo responsable do Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior.

9.3. *As funcións deste órgano serán:*

- a) Interpretar a totalidade dos artigos e cláusulas deste regulamento.*
- b) Vixiar o cumprimento do pactado e denunciar, no seu caso, os incumprimentos.*
- c) Estudar, propor e, cando proceda, resolver aquelas cuestións presentadas polas partes.*
- d) Actualizar o contido deste Regulamento para adaptalo á normativa vixente.*
- e) Garantir a igualdade de trato entre todas/os as traballadoras e traballadores da Deputación Provincial de Ourense independentemente da relación laboral que os/as vincule con esta.*
- f) Resolver previo a vía administrativa ou xudicial as discrepancias sobre a avaliación do desempeño.*

9.4. *Para exercer as labores de control e seguimento, a Comisión reunirase con carácter ordinario semestralmente e, de xeito extraordinario, cando o solicite polo menos o 50% de cada unha das partes.*

9.5. *A Comisión poderá utilizar os servizos ocasionais ou permanentes de asesores, con voz pero sen voto.*

9.6. *O funcionamento da Comisión será similar á dos órganos colexiados previstos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.*

ARTIGO DÉCIMO.- BAREMACIÓN

10.1. *A avaliación do desempeño é o instrumento a través do que se acredita o compromiso do persoal do organismo provincial na mellora dos servizos públicos e na consecución dos obxectivos da Administración provincial, e mediante o cal se mide e se valora a conduta profesional e o rendemento ou logro dos resultados.*

10.2. *O sistema de avaliación do desempeño na Deputación Provincial de Ourense rexerase por criterios de transparencia, obxectividade, imparcialidade e non discriminación, e aplicaranse sen menoscabo dos dereitos dos/as empregados/as do organismo provincial. A Deputación Provincial de Ourense aprobará, previa negociación coas organizacións sindicais, o sistema para levar a cabo esta avaliación, cumprindo os requisitos indicados.*

10.3. *Aparte de superar as avaliacións do desempeño que se determinen regulamentariamente, teranse en conta outros criterios de avaliación como poden ser: a actividade profesional; a formación e innovación; a implicación e compromiso coa organización; o cumprimento dos obxectivos individuais e colectivos da unidade administrativa; a participación en iniciativas e programas especiais, liñas de traballo*

específicas ou transversais, procesos de cambio, implantación de novos sistemas e, en xeral, actividades singulares que sexan acreditadas polo Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior como de interese para a actividade administrativa con relevancia para o sistema de carreira profesional.

ARTIGO UNDÉCIMO.- RECOÑECIMENTO DE SERVIZOS NOUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E INCIDENCIA DA PROMOCIÓN INTERNA NA CARREIRA PROFESIONAL

O persoal que acceda a outro corpo ou escala polo sistema de promoción interna vertical, ou incluso por acceso libre, manterá o dereito a percibir o complemento de carreira correspondente aos graos recoñecidos anteriormente nos grupos, corpos, escala ou especialidades acadados ao longo da súa carreira administrativa e acumularase o tempo de servizos prestados nos distintos corpos, escalas ou categorías profesionais para acadar o cumprimento dos prazos establecidos para cada grao. Terase en conta os servizos prestados noutras administracións públicas. Así mesmo, recibirá o mesmo tratamento que o persoal deste corpo, escala ou especialidade para os efectos de acceso e progresión da carreira.

ARTIGO DUODÉCIMO.- SISTEMA EXTRAORDINARIO DE RECOÑECIMENTO DA PROGRESIÓN NA CARREIRA ADMINISTRATIVA

12.1. Dado que o sistema de avaliación do desempeño aínda non está implementado na Deputación Provincial de Ourense, o sistema de carreira administrativa ordinaria no pode operar segundo o previsto neste Regulamento, establecéndose un réxime transitorio que ten como obxectivo garantir unha transición eficiente ata a carreira profesional horizontal, asegurando que o sistema se axuste e asegure axeitadamente antes da súa consolidación definitiva.

12.2. Dentro deste réxime transitorio establécese un sistema extraordinario de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, sistema extraordinario que ten como finalidade adiantar os tempos para o acceso aos distintos graos do sistema de carreira profesional, de xeito que lle permita ao persoal cunha maior antigüidade acceder anticipadamente aos distintos graos. De non ser así, recibirían o mesmo tratamento que o persoal de novo ingreso.

ARTIGO DÉCIMO TERCEIRO.- SISTEMA EXTRAORDINARIO DE ACCESO AO GRAO I

13.1. No segundo semestre deste exercicio 2025, tramitarase un sistema excepcional e transitorio de solicitude de encadramento para o acceso, de xeito directo e por unha soa

vez, ao grao I de carreira administrativa horizontal. Poderá participar neste réxime extraordinario o persoal empregado público da Deputación Provincial de Ourense que cumpra os seguintes requisitos:

- a) *Estar en situación de servizo activo (ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza).*
- b) *Ter a condición de empregado público nesta administración ou integrado procedente doutras administracións cunha antigüidade de polo menos cinco anos no corpo, escala ou categoría profesional a data do 31 de decembro de 2024.*
- c) *Cumprir co requisito de acreditar a realización de polo menos 40 horas de formación total acumulada.*

13.2. *En función das dispoñibilidades orzamentarias, o pagamento do complemento de carreira correspondente ao grao I recoñecido, producirase de maneira progresiva en dúas anualidades, con efectos económicos do 1 de xaneiro de cada ano, coa distribución que se indica a seguir:*

-En 2025 o 50% do grao I.

-En 2026 o 100% do grao I.

ARTIGO DÉCIMO CUARTO.- SISTEMA EXTRAORDINARIO DE ACCESO AO GRAO II

14.1. *No segundo semestre do ano 2026, a Deputación Provincial de Ourense publicará a convocatoria para que aqueles que teñan recoñecido o grao I poidan solicitar o encadramento no grao II a través deste sistema excepcional e transitorio e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:*

- a) *Estar en situación de servizo activo (ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza).*
- b) *Ter recoñecido o grao I e ter a condición de empregado público nesta administración ou integrado procedente doutras administracións cunha antigüidade de polo menos de dez anos no corpo, escala ou categoría profesional a data do 31 de decembro de 2025.*
- c) *Cumprir co requisito de acreditar a realización de polo menos 100 horas de formación total acumulada.*

14.2. *En función das dispoñibilidades orzamentarias, o pagamento do complemento de carreira correspondente ao grao II recoñecido, producirase de maneira progresiva en dúas anualidades, con efectos económicos do 1 de xaneiro de cada ano, coa distribución que se indica a seguir:*

-En 2027 o 50% do grao II.

-En 2028 o 100% do grao II.

2º. De conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, **someter o expediente a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta (30) días**, para os efectos de presentación de reclamacións e/ou suxestións. No caso de que non se teña presentado reclamación e/ou suxestión ningunha entenderase definitivamente adoptado o acordo de aprobación inicial quedando facultado expresamente o presidente para proceder á publicación íntegra da Ordenanza no BOP como requisito de eficacia para a súa entrada en vigor.

3º. Aprobar a guía do réxime transitorio para a implementación da carreira profesional horizontal, para os efectos oportunos.

11º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan

12º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formulan

E, ás 17.19 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.